



Fabián Barge Vilela proclámase Campión Provincial de A Coruña de Caza de Arceas

O pasado 24 de novembro de 2007 tiña lugar no Tecor 'Bergantiños Norte', sito en Vilaño (Laracha) o Campionato Provincial de A Coruña de Caza de Arceas, organizado pola FGC na Coruña en colaboración coa Sociedade de Cazadores Venatoria de Bergantiños.

Participaban un total de 31 cazadores, entre os cales Fabián Barge Vilela, da Sociedade de Cedeira, proclamábase Campión Provincial ao abater dúas arceas. No segundo posto remataba Francisco J. Alonso Fiaño, da Sociedade Cinexética Carnotana, quen abatía tamén dúas arceas; e no terceiro lugar, tamén cunha arcea cazada quedaba Miguel López García, da Sociedade de Coristanco.



CLASIFICACION FINAL			
Pos.	Cazador	Pezas Cazadas	Puntos
1º	Fabián Barge Vilela	2 arceas	1000
2º	Francisco J. Alonso Fiaño	2 arceas	1000
3º	Miguel López García	1 arcea	500
4º	Jorge Amado Sambade	1 arcea	500
5º	Ramiro Lamas Vilanova	1 arcea	500
6º	Ignacio Dopico García	1 arcea	500

Estes seis participantes representarán á provincia de A Coruña no vindeiro Campionato Galego da modalidade.

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com